

TIBURÓN (50 ANIVERSARIO)

1584

Steven Spielberg, 1975

ESTREA EN NUMAX: 29.08.2025 | V.O.S.E. | +12 | 124 min

Nunha vila costeira do Leste de Estados Unidos, un enorme tiburón branco ataca a varias persoas. Por temor aos nefastos efectos que este feito podería ter sobre o negocio turístico, o alcalde négase a pechar as praias e a difundir a noticia. Pero un novo ataque do tiburón remata coa vida dun bañista. Cando o terror se apodera de todos, un veterano cazador de tiburóns, un oceanógrafo e o xefe da policía local únense para tentar capturar o escualo.

«Non perdeu o seu poder para
atemorizar. Un filme de inmenso
poder visceral e psicolóxico»

Mark Dinning, EMPIRE



Selacofobia

Un mozo e prometedor realizador de vinte e nove anos chamado Steven Spielberg, cambiou o curso do cinema e puxo a primeira pedra a unha meteórica carreira en 1975. Coa estrea de *Tiburón* naceu o termo *blockbuster* que acompañou á cinefilia durante décadas. Unha fita que supuxo todo unha revolución nas billeteiras, un fenómeno de masas que variou os esquemas cinematográficos ata hoxe. Un visionario, herdeiro avantaxado de Hitchcock que cunha longametraxe repleta de tensión fixo que moitas xeracións tivesen as súas dúbidas á hora de entrar na auga. Unha nova era comezou na sétima arte con *Tiburón*.

Tras darse a coñecer con interesantes varias obras televisivas (*O díaño sobre rodas* -1971- ou *Colombo* -1971-) e dous interesantes filmes (*Amblin'* -1968- e *Tola evasión* -1974-), Spielberg adaptou a novela homónima de Peter Benchley para crear unha das iconas do cinema moderno. A novela de Benchley retrataba uns sucesos reais que acaeceron na costa de Nova Jersey e na desembocadura de Matawan Creek en 1916 cando unha vaga de calor fixo que a xente se dirixise en masa ás praias marcando o inicio dun novo hábito social: veranear. Ese verán morreron catro persoas e unha resultou ferida por diferentes especies de quenllas, causando un clima de terror social.

A pesar da súa mala sona, os reis do océano son claves para o ecosistema se ben sofren cada ano o depredador máis voraz que existe na Terra: o ser humano. En *Tiburón* preséntasenos a un diabólico ser, vingativo, plenamente humanizado que vaga polas costa da vila costeira de Amity causando terror. O acerto de Spielberg nesta produción é o enfoque realista grazas a personaxes cotiáns que se converten en vítimas ou heroes inesperados. O temor ao descoñecido unido a unha tensión inigualable, fan de *Tiburón* un filme que segue sendo referente décadas despois. O mar como un lugar claustrofóbico onde converxen todos os nosos medos.

Do mesmo xeito que Hitchcock con Bernard Herrmann, o dueto que conforman Spielberg co seu director musical John Williams, é clave para xerar esta angustiante atmosfera que atrapa e só che deixa escapar ao ver ao xefe Brody e Matt Hooper nadando sobre un madeiro cara á costa. A música de Williams pon en alerta, atenaza e atrapa dunha maneira inédita nunha partitura. O triángulo interpretativo conformado por Brody (Roy Scheider), Quint (Robert Shaw) e Hooper (Richard Dreyfuss) tan mundano como carismático, empatiza rapidamente co espectador. Uns auténticos e dispaes aventureiros que nos trasladan ao Orca como contramestres dunha aventura propia de Simbad. Momentos indelebles, como o soliloquio de Quint sobre os sucesos do acoirazado USS Indianápolis, onde morreron máis de cincocentos soldados devorados por escualos (quenllas oceánicas na súa maioría) ou as escenas dos primeiros ataques, son parte viva do celuloide, que encumbraron a un dos protagonistas máis destacados desta nobre arte.

Ademais dun grande éxito mediático, *Tiburón* foi nomeada a mellor película pola Academia de cinema americano, obtendo tres Óscars en apartados técnicos. A adaptación libre da novela de Peter Benchley, tivo as súas consecuentes secuelas da que só salvamos a máis inmediata dirixida por Jeannot Szwarc, que contou con gran parte do elenco orixinal en feitos ambientados catro anos despois en Amity Island. Con *Tiburón*, o thriller adquiriu unha nova dimensión que en pleno século XXI segue vixente e a cada emisión televisiva fainos dubidar ao nadar na inmensidade oceánica.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Tiburón,
Peter Benchley.
Planeta

Steven Spielberg,
Ian Nathan.
Timun Mas